



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO, PARA A CONTRATACIÓN DUNHA TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BAIXO A MODALIDADE DE INTERINO, A XORNADA COMPLETA.

Por Resolución da Alcaldía núm. 1/2016, de data 04/01/2016, aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de emprego para selección, baixo a modalidade de interino, a xornada completa dun/ha técnico/a de normalización lingüística.

As ditas bases foron publicadas na páxina web municipal en data 04/01/2016 e no Boletín Oficial da Provincial da Coruña, núm.7, de data 13/01/2016. Tamén consta no expediente xustificante de exposición de anuncio no taboleiro de edictos do Concello e anuncio de rectificación da bolsa de emprego no BOP núm.31, de 17/02/2016, respecto da contía do salario.

Por Resolución da Alcaldía núm.285/2016 rectificada por Resolución da Alcaldía núm. 286/2016, de data 02/03/2016, aprobouse a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para a formación dunha bolsa de emprego para a selección, baixo a modalidade de interino, a xornada completa dun/ha técnico de normalización lingüística. Nomeamento de Tribunal e data de constitución, que se publicaron na páxina web municipal, en data 02/03/2016.

Consta informe emitido polo encargado do rexistro municipal, D.Miguel Ángel Hermida Carballo, de data 06/04/2016, no que indica que se presentaron as seguintes alegacións ás puntuacións provisionais:

- D^a.Vanesa Otero Fernández (RE 1867 e 1946)
- D.Henrique Salvador Estevez Hernández (RE 1884 e 2132)

Visto o informe emitido, en data 06/04/2016, pola secretaria do tribunal, D^a.Rosa M^a Sánchez Martínez sobre as alegacións ao cadro de puntuacións provisionais, que se transcribe: "(...)FEITOS
O día 21/03/2016 foron publicadas na web as puntuacións provisionais das persoas presentadas ás probas do día 08/03/2016.

Foron recibidas dúas alegacións:

- 1) *Henrique Salvador Estévez Hernández, quen solicita que se rectifique a puntuación outorgada e se engadan, ademais da puntuación da fase de concurso, 0,10 puntos por cursos e 1,00 puntos por experiencia, achegando varios documentos.*
- 2) *Vanesa Otero Fernández, quen solicita a revisión da puntuación outorgada no apartado de experiencia laboral.*

Examinado o expediente do candidato Henrique Salvador Estévez Hernández, compróbase que non consta entregada dentro do prazo a documentación á que fai referencia na súa alegación. Acompañando ao Anexo I (con data de entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia do 15/01/2016) só consta a fotocopia do DNI.

Examinado o expediente da candidata Vanesa Otero Fernández, compróbase que a puntuación outorgada se corresponde á experiencia acreditada segundo as bases "no posto de traballo", é dicir, no que consta como técnica de normalización lingüística, que suma un total de 314 días, que se corresponderían con 10,466 meses, e a razón de 0,10 puntos/mes traballado, da 1,05 puntos. O criterio que seguiu, por unanimidade, o tribunal foi o de ter en conta a experiencia acreditada no posto de traballo que se convoca, o de técnica de normalización lingüística, e non ter en conta a experiencia na que non figurase expresamente esta denominación do posto. Por iso só se tivo en conta a experiencia nos concellos de Vimianzo, Monterroso, Muras e Pereiro de Aguiar.

INFORME

Non procede a modificación das puntuacións de ningún dos candidatos que alegan. (...)"

Vista a acta do tribunal do proceso, de data 08/03/2016, cuxo punto 5) ao respecto da elaboración do cadro de puntuacións provisional, se transcribe literalmente: "(...) **5) Elaboración do cadro de puntuacións provisional, de maior a menor**

	APELLIDOS	NOME	DNI	1ª PROBA	2ª PROBA	CURSOS	EXP	TOTAL
1	Otero Fernández	Vanesa	33344917T	2,60	3,75	1,50	1,05	8,90
2	Sanjurjo Rodríguez	Gema	53161930Y	2,10	3,50	0,20	1,10	6,90
3	Blanco Blanco	Marta	78799432Y	1,50	4,00	-	1,20	6,70
4	Estévez Hernández	Henrique	36147514R	1,80	4,00	-	-	5,80

		Salvador						
5	Iglesias Baz	Jessica	35573704H	2,40	3,00	0,15	-	5,55
6	Mosqueira Fociños	Jesus Miguel	76824024E	1,80	3,00	-	-	4,80
7	Vázquez Fernández	Martín	77013490Z	1,90	2,75	-	-	4,65
8	García Costa	Paula	79335964V	1,60	3,00	-	-	4,60
9	Olveira Benlloch	Irene	32783821N	1,60	2,75	-	-	4,35
10	Pena García	Rafael	78799081T	1,70	2,00	-	-	3,70

No caso de non presentarse nungunha alegación a esta puntuacións, elévase como proposta á Alcaldía para a constitución da bolsa de contratación."

Tendo en conta o establecido nas Bases que rexen este procedemento de selección.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte bolsa de emprego municipal, para a contratación dun/ha técnico/a de normalización lingüística, baixo a modalidade de interino, a xornada completa, por orde de puntuación:

	APELLIDOS	NOME	DNI	TOTAL
1	Otero Fernández	Vanesa	33344917T	8,90
2	Sanjurjo Rodríguez	Gema	53161930Y	6,90
3	Blanco Blanco	Marta	78799432Y	6,70
4	Estévez Hernández	Henrique Salvador	36147514R	5,80
5	Iglesias Baz	Jessica	35573704H	5,55
6	Mosqueira Fociños	Jesus Miguel	76824024E	4,80
7	Vázquez Fernández	Martín	77013490Z	4,65
8	García Costa	Paula	79335964V	4,60
9	Olveira Benlloch	Irene	32783821N	4,35
10	Pena García	Rafael	78799081T	3,70

Segundo.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal e da antedita listaxe no boletín oficial da provincia, para os efectos oportunos.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria acumulada, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria acumulada